



DATOS IDENTIFICATIVOS

Enxeñaría gráfica

| | | | | |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia | Enxeñaría gráfica | | | |
| Código | V12G380V01602 | | | |
| Titulación | Grao en Enxeñaría Mecánica | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 3 | 2c |
| Lingua de impartición | Castelán Galego Inglés | | | |
| Departamento | Deseño na enxeñaría | | | |
| Coordinador/a | López Figueroa, Concepto Esteban Cerqueiro Pequeño, Jorge | | | |
| Profesorado | Adán Gómez, Manuel Alegre Fidalgo, Paulino Cerqueiro Pequeño, Jorge López Figueroa, Concepto Esteban Pérez Vázquez, Manuel Roa Corral, Ernesto | | | |
| Correo-e | esteban@uvigo.es jcerquei@uvigo.es | | | |
| Web | http://fatic.uvigo.es | | | |
| Descrición xeral | O obxectivo que se persegue con esta materia é a achega de métodos para resolver gráficamente problemas de enxeñaría, de modo que ao final o alumno deberá: <ul style="list-style-type: none"> - Coñecer e dispor de criterios fundamentados para a selección e aplicación de compoñentes normalizados. - Coñecer as tecnoloxías CAD para o modelado xeométrico e a xeración de planos a partir deste. - Ter capacidade para realizar análise do funcionamento dos mecanismos a partir das especificacións dos planos. - Saber aplicar a xeometría na resolución de problemas de mecanismos, construcións e instalacións industriais. - Posuír habilidades para crear e xestionar información gráfica relativa a problemas de enxeñaría mecánica. | | | |

Competencias

| | |
|--------|--|
| Código | |
| B1 | CG1 Capacidade para a redacción, sinatura e desenvolvemento de proxectos no ámbito da enxeñaría industrial, na especialidade de Mecánica, que teñan por obxecto, a construción, reforma, reparación, conservación, demolición, fabricación, instalación, montaxe ou explotación de: estruturas, equipos mecánicos, instalacións enerxéticas, instalacións eléctricas e electrónicas, instalacións e plantas industriais, e procesos de fabricación e automatización. |
| C19 | CE19 Coñecementos e capacidades para aplicar as técnicas de enxeñaría gráfica. |
| D2 | CT2 Resolución de problemas. |
| D6 | CT6 Aplicación da informática no ámbito de estudo. |
| D9 | CT9 Aplicar coñecementos. |
| D10 | CT10 Aprendizaxe e traballo autónomos. |
| D14 | CT14 Creatividade. |
| D16 | CT16 Razoamento crítico. |
| D17 | CT17 Traballo en equipo. |

Resultados de aprendizaxe

| | | | |
|---|---------------------------------------|-----|----|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
| Coñecer e dispor de criterios fundamentados para a elección e aplicación de compoñentes normalizados. | B1 | C19 | D2 |
| Coñecer as tecnoloxías CAD para o modelado xeométrico e a xeración de planos a partir deste. | | C19 | D6 |

| | | | |
|---|----|-----|--------------------------|
| Capacidade para realizar análise do funcionamento dos mecanismos a partir das especificacións dos planos. | B1 | C19 | D16 |
| Saber aplicar a xeometría na resolución de problemas de construcións e instalacións industriais. | | C19 | D2 D9 D14 |
| Adquirir habilidades para crear e xestionar información gráfica relativa a problemas de enxeñaría mecánica. | | C19 | D10 D14 D16 D17 |

Contidos

Tema

CONTIDOS TEORICOS

| | |
|---|---|
| 1. Introducción aos gráficos de enxeñaría | 1.1. Tipos de gráficos en enxeñaría. Campos de aplicación. Gráficos para o deseño, a visualización e a comunicación. A linguaxe gráfica. 1.2. Sistemas gráficos. Tipos e estrutura dos ficheiros gráficos. Manexo da información. Xerarquías. Capas. 1.3. Modelos. Modelo xeométrico. Asociatividade da información. |
| 2. Representación de pezas e compoñentes mecánicos normalizados. | 2.1. Normalización de valores. Designacións normalizadas. 2.2. Representación, anotación e designacións normalizadas para: Resortes, rodamentos e os seus accesorios, poleas e cadeas. Información gráfica en planos de rodas dentadas. Curvas para o perfil dos dentes. 2.3. Outras formas de transmisión de movemento. 2.4. Axustes 2.5. Representación simbólica de mecanismos. 2.6. Materiais. Designacións normalizadas 2.7. Criterios para selección e emprego de compoñentes normalizados. |
| 3. Xestión da variabilidade; repercusión funcional das tolerancias. Análise e síntese de tolerancias. | 3.1. A variabilidade asociada aos problemas de Enxeñaría Mecánica. 3.2. Variabilidade macro e micro xeométricas. 3.3. Tolerancias dimensionais e axustes. Especificación. 3.4. Tolerancias xeométricas. Especificación. 3.5. Referencias e sistemas de referencia. 3.6. Tolerancias de rugosidade superficial. Especificación. 3.7. Tolerancias estatísticas. Funcións de custo das tolerancias. 3.8. Análise de tolerancias e sínteses de tolerancias. 3.9. Combinación de tolerancias; repercusión da acumulación de tolerancias sobre o funcionamento e montaxe de mecanismos. |
| 4. Concepción e representación de formas mecánicas elementais. Acotación orientada á función, a fabricación e o control do produto. | 4.1. Formas construtivas para o deseño de pezas moldeadas, forxadas, conformadas e embutidas. 4.2. Funcións mecánicas elementais. 4.3. Análise das condicións de funcionamento nos mecanismos. 4.4. Anotación Funcional. Cadeas de cotas. 4.5. Anotación orientada ao proceso de fabricación. 4.6. Anotación orientada ao control de conformidade. |
| 5. Especificación xeométrica de produtos. | 5.1. Concepto de especificación xeométrica segundo ISO. 5.2. Cadeas de Normas. 5.3. Normas GPS fundamentais e globais 5.4. Matrices de Normas GPS Xenerais 5.5. Matrices de Normas GPS Complementarias. 5.6. Operacións de especificación. 5.7. Interpretación de especificacións xeométricas en base ás operacións para construílas. |
| 6. Diagramas, Nomogramas e ecuacións empíricas. | 6.1. Construcións gráficas empregadas en enxeñaría. 6.2. Escalas para as construcións gráficas. 6.3. Diagramas e Nomogramas. Gráficas volumétricas. 6.4. Representación gráfica de ecuacións empíricas. 6.5. Funcións de análises de datos. |
| 7. Fundamentos dos gráficos por computador. | 7.1. Transformacións xeométricas básicas. 7.2. Graficación de liñas: algoritmos básicos. 7.3. Curvas aproximadoras e interpoladoras: tipos e aplicacións. 7.4. Modelado xeométrico. Estrutura da información nos ficheiros CAD 2D e 3D. Entidades e modelos de sólidos/superficies/malla de arame/puntos. 7.5. Librarías gráficas. 7.6. Sistemas CAD para deseño mecánico orientados ao produto. |

| | |
|---|---|
| 8. Sistemas CAD/CAE/CAM. Sistemas para adquisición de datos das xeometrías reais. Prototipado rápido. | 8.1. Sistemas CAx. 8.2. Ferramentas CAD/CAM. 8.3. Ferramentas CAE no contexto da enxeñaría de deseño. 8.4. Realidade virtual: características e dispositivos. Aplicacións no campo da enxeñaría. 8.5. Dixitalización de formas. Proxectos de enxeñaría inversa. 8.6. Sistemas de prototipado rápido. 8.7. Formatos para o intercambio de información. |
| 9. Representación de construcións e instalacións industriais. | 9.1. Representación simbólica de estruturas. 9.2. Planos de detalle para estruturas metálicas. 9.3. Representación e anotación das unións soldadas. 9.4. Debuxos para calderería. 9.5. Símbolos e esquemas para circuitos oleohidráulicos e pneumáticos. 9.6. Símbolos e esquemas para conducións de fluídos. |
| 10. Introducción ao deseño industrial. | 10.1. Deseño. Tipos. O deseño industrial: produto, comunicación e imaxe corporativa. 10.2. Metodoloxías para o deseño. 10.3. Etapas do proceso de deseño. 10.4. A creatividade no proceso de deseño. 10.5. Valoración de alternativas de deseño. 10.6. DfX. |

CONTIDOS PRÁCTICOS

| | |
|--|---|
| 1. Croquizado dun conxunto mecánico | Proporase a realización individual do croquizado dun conxunto mecánico, que incluíra elementos de transmisión e un elevado número de compoñentes normalizados. O proceso previo á realización do croquizado, consistente no seu estudo, procura de información e análise, realizarase por grupos de tres ou catro alumnos/as. |
| 2. Modelado do conxunto anterior | Unha vez corrixida e devolta polo profesor a práctica anterior, realizarase o modelado das pezas e o ensamblado do conxunto mediante o programa CAD dispoñible no Laboratorio. Será un traballo Individual, aínda que se formarán grupos para as postas en común e aprendizaxe colaborativo. |
| 3. Realización de planos en 2D | Partindo dos modelados anteriores, elaboraranse os planos de detalle e de conxunto do ensamblado, mediante o programa CAD dispoñible, contendo a lista de pezas e todas as especificacións necesarias (cotas, tolerancias macro e microgeométricas, indicacións especiais), que sexan necesarias para garantir un funcionamento óptimo do mecanismo ao que pertenza cada peza. |
| 4. Representacións de calderería | Realizar o modelado sólido e representar os desenvolvementos para un elemento de calderería, con todas as especificacións dimensionales necesarias, empregando o programa CAD dispoñible. |
| 5. Realización dunha memoria para análise de funcionalidade e intercambiabilidade | Realizarase unha análise crítica do deseño dos exercicios 1-4, que conteña unha previsión das condicións de funcionamento esperadas, baseada nas tolerancias aplicadas e o efecto combinado entre todas elas, e un estudo que reflicta como se poden reducir os custos das tolerancias a partir do efecto combinado de todas as que interveñen. Realizarase unha análise CAE dunha peza relevante do deseño. Todas as partes deste traballo serán documentadas con tanta información gráfica, da traballada no curso, sexa posible aplicar para unha mellor comprensión da memoria. |
| 6. Representación dunha construción industrial. Esquemas para conducións de fluídos e outras instalacións. | Representar mediante o programa CAD dispoñible unha pequena edificación do tipo nave industrial para albergar un taller ou pequena industria mecánica, con planos acoutados da estrutura metálica e os seus correspondentes detalles construtivos. Realizar a representación simbólica de diversas instalacións relevantes da nave: enerxía, fluídos, etc. |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|----------------------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Lección maxistral | 26 | 39 | 65 |
| Resolución de problemas | 24 | 36 | 60 |
| Aprendizaxe baseado en problemas | 5 | 5 | 10 |
| Titoría en grupo | 5 | 5 | 10 |
| Outros | 5 | 0 | 5 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|----------------------------------|---|
| Lección maxistral | Sesión maxistral activa. Cada unidade temática será presentada polo profesor empregando recursos audiovisuais, e será complementada cos comentarios que os estudantes realicen en base na bibliografía recomendada ou calquera outra na que sexa tratada esa parte do tema. |
| Resolución de problemas | Durante as clases maxistras exponse exercicios e/ou problemas que se resolverán parcial ou totalmente en clase, de maneira individual ou grupal, orientados a facilitar unha mellor comprensión da aplicación e utilidade práctica dos contidos de cada unidade temática, sempre coa orientación activa do profesor. Estes exercicios teñen ademais como finalidade o proporcionar unha orientación acerca dos contidos e obxectivos das clases de laboratorio. |
| Aprendizaxe baseado en problemas | Realización de actividades que requiren a participación activa e a colaboración entre os estudantes. |
| Titoría en grupo | Realización de actividades de reforzo á aprendizaxe mediante a resolución tutelada de maneira grupal de supostos prácticos vinculados aos contidos teóricos da materia, durante os cales se poida valorar como o alumnado asocia os contidos teóricos ás diferentes etapas desenvolvidas para a análise e a resolución de cada problema. |
| Outros | ATENCIÓN PERSONALIZADA: Proposición e revisión de resultados de actividades de apoio á aprendizaxe de maneira individualizada ou en pequenos grupos de alumnos. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|------------------|--|
| Titoría en grupo | Para a selección, seguimento e control dos traballos |

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|-------------------------|--|---------------|---------------------------------------|
| Lección maxistral | Realizarase o número de probas de control que considere o profesor (como mínimo un parcial en torno a metade do curso), en data sinalada previamente. Superada esa parte poderá ser eliminada do exame final. Exame final, con dúas partes separadas, para todos os que non sigan a vía ordinaria de avaliación continua. Todos deben examinarse da segunda parte e pódese recuperar ou mellorar a primeira. | 60 | C19 D10 D16 |
| Resolución de problemas | As actividades prácticas a realizar corresponderanse co indicado no apartado de Contidos Prácticos, e exponse para o seu desenvolvemento, resolución e posterior entrega ao profesor na data que se indique en cada caso concreto. Cada actividade presentada avaliarase de acordo cos criterios que con anterioridade se indicasen, e será devolta con prontitude para que a aprendizaxe que achegue cada corrección poida ser incorporado ás actividades prácticas seguintes. O calendario para execución e presentación das actividades prácticas será coñecido ao comezo do curso. | up to 40 | B1 C19 D2 D6 D9 D14 D16 D17 |
| Outros | Traballos a realizar durante o curso | up to 40 | B1 D2 D9 D10 D17 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

A materia supérase mediante a avaliación continua ao acadar 5,00 puntos en cada unha das partes.

Ao exame final, na data indicada polo centro, deben acudir todos os alumnos, polo menos para efectuar o exame da segunda parte. Poderán recuperar a primeira parte os que non a teñan superada ou ben os que desexen de melloralala. Cando no proceso de avaliación continua queden partes pendentes, o alumnado poderá examinarse delas no exame final, tanto de teoría como de prácticas, salvo nos casos que o profesor considere a posibilidade de recuperalas cun traballo adicional ou complementario. As partes superadas conservaranse para a segunda convocatoria.

Ao exame final, no que se examinará do total dos contidos da materia, deben acudir os alumnos que renunciaron á modalidade de avaliación continua. A cualificación máxima será de 10 puntos. O exame da parte teórica neste caso realizarase na data fixada polo centro, podendo realizarse o da parte práctica en hora e día diferente.

Espérase que o alumno presente un comportamento ético axeitado. No caso de detectar un comportamento non ético (copia, plaxio, utilización de aparatos electrónicos non autorizados, e outros) considerarase que o alumno non reúne os requisitos necesarios para superar a materia. Nesta caso a cualificación global no presente curso académico será suspenso (0.0). Non se permitirá a utilización de ningún dispositivo electrónico durante as probas de avaliación salvo autorización expresa.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

AENOR, **Normas UNE/EN/ISO diversas actualizadas**, AENOR,

Cordero, J.M.; Cortés, P., **Curvas y Superficies para Modelado Geométrico**, Ra-ma, 2002

Félez, J.; Martínez, M.L., **Ingeniería Gráfica y Diseño**, Síntesis, D.L., 2008

Foley, J. D.; Van Dam, A.; Feiner, S. K.; Hughes, J. F.; Philips, R. L., **Introducción a la Graficación por Computadora**, Addison-Wesley Ib., 1996

Bibliografía Complementaria

Aguiar, F.; Soltero, V., **Metodología del Diseño Industrial. Un Enfoque desde la Ingeniería Concurrente.**, Ra-ma, 2003

Company, P.; Vergara, M.; Mondragón, S., **Dibujo Industrial**, Publicacions de la Universitat Jaume I, 2007

Farin, G., **Curves and surfaces for computer aided geometric design**, Academic Press, 1997

Fischer, B. R., **Mechanical Tolerance Stackup and Analysis**, Marcel Dekker, Inc., 2004

García, M.; Alcaide, J.; Gómez, T.; Collado-Ruiz, D., **Fundamentos del diseño en la ingeniería**, UPV, 2009

Giesecke F.E.; et al., **Technical Drawing with Engineering Graphics**, Prentice Hall (Pearson Education, 2012

Gómez, S., **El Gran Libro de SolidWorks Office Professional**, Ed. Marcombo, 2010

Hearn, D.; Baker, P., **Gráficos por computador**, Prentice Hall Hispanoamericana, 1995

Jensen, C.; Helsel, J. D.; Short, D. R., **Dibujo y diseño en Ingeniería**, Mc Graw-Hill, 2002

Molero, J., **Autocad 2010: Curso Avanzado**, Anaya Multimedia, 2009

Recomendaciones

Materias que continúan o temario

Diseño e comunicación de produto e automatización de elementos en planta/V12G380V01931

Sistema para o deseño e desenvolvemento do produto/V12G380V01934

Traballo de Fin de Grao/V12G380V01991

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Diseño de máquinas I/V12G380V01304

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Expresión gráfica: Expresión gráfica/V12G380V01101

Fundamentos de sistemas e tecnoloxías de fabricación/V12G380V01305

Outros comentarios

Para matricularse nesta materia é necesario superar ou ben estar matriculado de todas as materias dos cursos inferiores ao curso no que está emprazada esta materia. De maneira moi especial, recoméndase superar previamente a materia "Expresión Gráfica" de primeiro curso.